Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 11 de xullo de 2024

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** o día **11 de xullo de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Secundino Fernández Fernández
(en substitución de Sonia Vidal Lamas)
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Lara Méndez López
(en substitución de Carlos López Font)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Outros asistentes:
María Encarnación Amigo Díaz (P) (propoñente non membro)
Ariadna Fernández González (BNG)
Patricia Iglesias Rey (S)
María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) (emendante)
Iago Suárez Fernández (BNG)

Comparecente:
Presidente de Sogama

Letrada:
Purificación López Gómez

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as susbstitucións pertinentes. Logo da súa constatación, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Comparecencia

5428 (12/CPC-000005)
Do presidente de Sogama, por petición propia, para informar da situación do Complexo Medioambiental de Sogama
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f1, do 12.06.2024

A señora presidenta, logo de darlle a benvida, e explicar o desenvolvemento do debate, concédelle a palabra ao **presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino,** que pasa a informar da situación do Complexo Medioambiental de Sogama.

A continuación, a Presidencia abre unha rolda de grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos, para que os seus portavoces formulen as preguntas e aclaracións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra o **señor Ojea Bouzo (M),** a **señora Castro Rey (S),** o señor **Bará Torres (BNG)** e o **señor Trenor López (P).**

Deseguido solicita a palabra o **señor Bará Torres (BNG),** ao abeiro dos artigos 76.1 e 3 e 78 do Regulamento do Parlamento, para aclarar unha inexactitude que, ao seu xuízo, expuxo o señor Trenor López na súa intervención.

A Presidencia concédelle unha breve rolda para esa aclaración, aínda que considera que non houbo ningún tipo de alusión nin insulto.

O **señor Bará Torres (BNG)** a explicar unha inexactitude na intervención do señor Trenor López referente á planta de compostaxe de Pontevedra.

Finalmente a Presidencia concédelle novamente a palabra ao **presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino,** quen responde ás cuestións formuladas polos voceiros dos grupos parlamentarios. O **señor Bará Torres (BNG),** logo de interromper en varias ocasións a intervención do señor comparecente, solicita a palabra para precisar os datos amosados por este. Contéstalle o **presidente de Sogama**, con cuxa intervención se pecha o debate da comparecencia.

A señora presidenta agradece novamente a presenza e colaboración do presidente de Sogama nesta sesión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 4478 (12/PNC-000548)

PARLAMENTO DE GALICIA

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que proceda a arranxar as rúas Chantada e Morín, en Monforte de Lemos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 50, do 12.07.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (doc. núm. 6888), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra a **señora Méndez López (S)**, que procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Varela Fernández (P),** para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención da señora propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes interveñen os **señores Ojea Bouzo (M) e Suárez Fernández (BNG),** ambos intervenientes, logo de expoñer as súas argumentacións á respecto da proposta defendida, anuncian o voto favorable dos seus respectivos grupos parlamentarios.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Méndez López (S)**, tras incidir na importancia da iniciativa, critica a intervención da voceira do grupo maioritario e explica as razóns polas que non acepta a súa emenda.

2.2 **5332 (12/PNC-000642)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que encargue neste ano 2024 a redacción do proxecto de remodelación da estrada OU-533, entre A Gudiña e A Rúa, e de que inicie o proceso de contratación das obras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 37f1, do 12.06.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 50, do 12.07.2024
Publicación correccións, BOPG n.º 50, do 12.07.2024

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6886), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Fernández Fernández (BNG)**, que pasa a expoñer os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se

PARLAMENTO DE GALICIA

conteñen na súa presentación escrita e publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Rodríguez Dacosta (S),** refire as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda e, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor propoñente, anuncia o apoio á mesma.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M)**, que se manifesta a prol da proposta formulada.

En segundo lugar intervén o **señor Rodríguez Martínez (P**), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, propón unha emenda in voce consistente en substituír "2024" por "*a maior brevidade posible*" ou *"coa maior urxencia posible*".

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Fernández Fernández (BNG**), argumenta as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia e propón unha transacción coa emenda in voce do G.P. Popular de Galicia, que consiste en substituír a súa proposta por *"o primeiro trimestre de 2025*".

2.3 5981 (12/PNC-000721)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 9 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que vele polo estrito cumprimento da normativa aplicable no proxecto da planta de xestión de residuos orgánicos e de biometanización prevista en Coeses, no concello de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 50, do 12.07.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda de substitución (doc. núm. 6863), e unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6887), das que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Amigo Díaz (P)**, quen, tras xustificar a autoemenda, procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do restantes grupos parlamentarios intervén no do emendante a **señora Valcárcel Armesto (BNG),** para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversas dúbidas a respecto da proposta defendida.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, tanto o **señor Ojea Bouzo (M)** como **a señora Méndez López (S),** tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora propoñente, xustifican o apoio dos seus respectivos grupos parlamentarios á

PARLAMENTO DE GALICIA

devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Amigo Díaz (P)**, refire as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego a sí a autoemenda.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 4478 (12/PNC-000548), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

2.2 5332 (12/PNC-000642), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** O señor Fernández Fernández (BNG), dá lectura a transacción acadada coa emenda in voce do G.P. Popular de Galicia e, que sometida a votación, resulta **aprobada pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar o proceso de contratación das obras na maior brevidade posible e a que se inclúa unha partida orzamentaria específica nos orzamentos do 2025 para executar as obras no tramo Viana-A Gudiña.»

2.3 5981 (12/PNC-000721), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto da autoemenda (doc. núm. 6863), que resulta **aprobada** por:

Votos a favor:..... 12 (GG.PP. P+S+M)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 5 (G.P. BNG)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1º. A velar polo estrito cumprimento da normativa de aplicación no proxecto da planta de xestión de residuos orgánicos e biometanización que prevé instalarse na parroquia de Coeses (Lugo), prestando especial atención ás garantías de carácter medioambiental.

2º. A se dirixir ao resto das administracións implicadas para que adopten este mesmo rigor e transparencia na tramitación deste expediente e estuden as alegacións presentadas e, conforme a lei, que sexan atendidas e tidas en conta.»

PARLAMENTO DE GALICIA

Ao non haber máis asuntos que tratar, a señora presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 14:00 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto primeiro da orde do día.)

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.09.24 12:35:24 +02'00'

Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2024.09.24 11:27:52 +02'00'

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª. ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS, DO DÍA 11 DE XULLO de 2024

(Comparecencia do presidente de Sogama)

PARLAMENTO DE GALICIA

(Ábrese a sesión ás 10.35 horas).

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Ben, moi bo día a todas e a todos.

Damos comezo a unha nova sesión da Comisión 2ª do Parlamento de Galicia.

Antes de dar comezo ao desenvolvemento da orde do día, prégolle ao señor secretario que proceda á lectura dos membros da mesma, a efectos de comprobar tanto o quórum de constitución como as substitucións pertinentes.

O secretario (señor Ríos Santomé): Grazas, presidenta.

Bo día.

(O secretario procede a dar lectura da relación de asistentes.)

Hai quórum señora presidenta.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Moitas grazas, señor secretario.

Unha vez verificado o quórum de constitución, comezamos xa co desenvolvemento da orde do día desta sesión, co punto 1º de comparecencias.

Comparece hoxe a petición propia, petición rexistrada co número 5428, o presidente de Sogama, don Javier Domínguez Lino, para informar da situación do complexo medioambiental de Sogama.

Segundo se acordou cos grupos parlamentarios haberá unha primeira intervención por parte do presidente de Sogama, dun tempo orientativo de 20 e 25 minutos; a continuación unha quenda flexible de 10 minutos por parte dos grupos parlamentarios e, para finalizar unha última quenda do señor Domínguez Lino, de réplica e aclaracións aos grupos e peche dun tempo orientativo tamén de 15 minutos.

Por tanto, ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Domínguez Lino, o presidente de Sogama.

O presidente de Sogama (Javier Domínguez Lino): Moi ben, moitas grazas, presidenta.

Señorías, moi bos días.

Comparezo nesta comisión unha vez máis por petición propia, para explicar e dar conta da situación do complexo medioambiental de Sogama en Cerceda, que xa foi obxecto de anteriores comparecencias e, sobre todo, do canon proposto para 2024 por razóns máis que evidentes.

Non obstante, para que poidan comprender o alcance do mesmo, non me queda outra que viaxar varios meses atrás e botar man da historia, porque, créanme, houbo moita historia nos anos 2022 e 2023.

Así que vou comezar polo principio. ¿Como se financia Sogama? Fundamentalmente a través de tres vías: As dúas principais, o canon que cobra aos concellos polos seu servizo e, a outra, a venda da enerxía, representando cada una un 45 % dos ingresos. Así como a venda de materiais reciclables, que supón un 10 %.

Ao longo destes anos, se non fose polos ingresos derivados desa venta de enerxía, o canon aplicado aos concellos tería que ser moi superior, como mínimo nun 45 % máis.

O noso cometido é prestar un servizo público aos concellos a través da xestión e tratamento sostible do lixo, e producir electricidade a partir dunha fracción de residuos, a non reciclable, que doutro xeito acabaría en vertedoiro; a peor das opcións polo alto risco que representa para o medio ambiente e a saúde pública.

Un vertedoiro emite 175 % máis de gases de efecto invernadoiro que a valorización enerxética. Logo de oito anos consecutivos de equilibrio financeiro as dificultades para Sogama chegaron en 2022 e agraváronse en 2023, cando o Goberno central optou por mudar de forma unilateral as regras de xogo sen importarlle as consecuencias das súas decisións.

Precisamente é o Goberno central quen debe dar moitas explicacións, non só por poñer sucesivas trabas aos sistemas de xestión que realmente funcionan e compren a lei, senón por comprometer as arcas locais e, en consecuencia, o peto dos cidadáns.

O Estado é o ideólogo dunha lei, a Lei de residuos de 2022, na que, de cara á galería, di aportar a prevención e a redución de residuos, así como a reutilización e a reciclaxe. Pero na práctica tradúcese en todo o contrario, sendo o paradigma do coñecido lavado de cara a verde.

Como ben saben, señorías, a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, contemplou entre outras novidades a aplicación de impostos ao vertido, á incineración e á coincineración; impostos que, unha vez máis, recaen nos administrados, como vén sendo o habitual.

Unha lei con falsas pretensións medio ambientais que costan e costarán moitos cartos ás empresas de xestión de residuos e ás entidades que reciben ese servicio.

Na fase de exposición pública desta lei a Xunta de Galicia presentou alegacións á mesma, considerando que a solución para impulsar a redución e a reciclaxe non residía na penalización, senón no incentivo.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión Europea abriu no seu momento diversos procedementos de infraccións a España debido ao uso e abuso dos vertedoiros como fórmula prioritaria para a eliminación de residuos, cando debe ser esta o final da xerarquía. Aínda hoxe existen no noso país vertedoiros que non compren os requisitos mínimos de seguridade e control. Non só non nos parecemos aos países europeos máis avanzados, senón que incluso nos están adiantando países do este de máis recente incorporación á Unión Europea.

Pero non é o caso de Galicia, cunha taxa de vertido moi inferior a outras comunidades e, por suposto, moi inferior á media nacional, situada nun 50-52 % fronte ao 26 % que manda ao vertedoiro Galicia.

Algúns parlamentarios voceiros do PSdeG parecen estar moi de acordo co posicionamento da Xunta de Galicia, xa que consideran moi positiva a bonificación aplicada por Sogama ao longo destes últimos anos. Esta bonificación respondeu aos requisitos establecidos pola Directiva de 2008, na que se dispoñía que os estados membros farán uso dos instrumentos económicos e doutras medidas co fin de proporcionar incentivos para a aplicación da xerarquía de residuos. Pola contra, os impostos do Estado son de aplicación lineal, sen gratificación para aqueles que xestionan ben os seus residuos e, por suposto, sen aplicación da máxima a seguir: Quen contamina paga.

O Estado di que temos que pagar todos contaminemos ou non. A bonificación de Sogama do 10 % entre os anos 2019 e 2022 estaba condicionada ao cumprimento de dous requisitos: A promoción da redución da produción de lixo e/ou o incremento da reciclaxe dos envases depositados no contedor amarelo, e o traslado desta rebaixa ao recibo dos cidadáns.

En 2023 e para promover a implantación da recollida diferenciada da materia orgánica, esta bonificación subiu ata o 15 %, incorporando como terceiro criterio a instalación do contedor marrón por parte dos concellos con poboación superior aos 2.000 habitantes, sendo suficiente para os restantes instaurar a compostaxe doméstica ou comunitaria.

Todas estas bonificacións supuxeron nos últimos cinco anos un aforro aos concellos de máis de 20 millóns de euros. A partir do 31 de decembro de 2023 xa era obrigatoria por lei a recollida selectiva dos residuos orgánicos.

Créanme que Sogama tería aforrado moito traballo se non se guiase pola lexislación europea. Pero nun exercicio de responsabilidade decidiuse distinguir aos que facían ben dos que o facían mal ou non tan ben, e compensar aos primeiros, non penalizar unicamente aos segundos.

O impacto dos impostos ao vertido e á incineración supuxeron para Sogama en 2023 un importe económico de 9,1 millóns de euros, cifra que esta empresa pública asumiu cos seus propios fondos sen repercutila aos concellos. É dicir, o Estado penaliza e a Xunta e Sogama intentan neutralizar esta penalización con seus recursos.

PARLAMENTO DE GALICIA

E podemos asumir os impostos de 2023 grazas á boa xestión da empresa durante os últimos anos precedentes, xa que gozaba dunha moi boa situación económica e financeira. Este ano, evidentemente, serán aproximadamente outros 9 millóns de euros.

Señorías, en Europa hai máis de 500 plantas de valorización enerxética que compren con altos estándares de eficiencia, e todas estas plantas desta tipoloxía que hai en España —somos 11 en total—, a de Sogama é a única que ten un sistema de selección previo dos materiais contidos no residuo convencional para enviar a reciclar. Pero resulta que isto é o que penaliza ao Estado. E atopámonos con esta situación logo de facer un importantísimo investimento no ano 2018, a través da construción no Complexo Medioambiental de Cerceda dunha planta para a recuperación dos materiais reciclables contidos no lixo na bolsa negra.

Una instalación, señorías, equipaba coa tecnoloxía máis innovadora e que opera en liña coa industria 4.0, sendo todo un exemplo de innovación. O cometido desta planta é procurar a reciclaxe daqueles residuos que non foron concretamente seleccionados pola poboación en orixe nas súas casas e nos concellos, ben por descoñecemento ou ben por farta de concienciación. E que doutro xeito acabarían valorizados enerxeticamente ou, o que peor, no vertedoiro.

Despois de poñer en marcha esta planta o Complexo Medioambiental de Cerceda foi catalogado como o máis moderno e o máis eficiente de Europa, así como punto de referencia para o resto do mundo.

—Ría, ría—.

Entendo que tería que dar algún tipo de explicación a este despropósito. —Non, igual temos a Lousame de exemplo—. Tanto a Consellería de Medio Ambiente como Sogama presentaron alegacións ao novo imposto ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Ministerio de Facenda, trasladando tamén unha serie de consultas e dúbidas que a día de hoxe seguimos sen recibir resposta.

Desde entón, analizamos o impacto do mesmo e buscamos posibles alternativas para amortigualo e salvar as arcas locais desta medida con importantes consecuencias económicas.

Pero en xullo de 2023, é dicir, a mediados do ano, á metade do partido, o Goberno central non conforme coa recadación vía impostos, elimina a través dunha orde ministerial publicada no BOE o 8 de xullo, a retribución ao investimento da planta termoeléctrica comprometida ata o ano 2026, cando finalizaría a súa vida útil. E diminúe a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto enerxético do 7 %. Esta retribución suporá 18 millóns de euros anuais ata 2026 que nos eliminaron. Ao Estado debéronlle parecer pouco os 9,1 millóns dun imposto que engadeu máis de 21 millóns co resto das decisións.

PARLAMENTO DE GALICIA

Señorías, as medidas estatais supuxeron para Sogama un incremento de 39 euros no custo por tonelada tratada; isto é, 12 euros/tonelada do imposto ao vertido e incineración, 24 euros/tonelada á eliminación da retribución ao investimento da planta termoeléctrica e 3 euros/tonelada á recuperación do imposto enerxético.

A Lei estatal de residuos 2022 di que as tres erres, a redución, a reutilización e reciclaxe debe ser a máxima que guía a xestión dos residuos. Non sei se isto é unha broma porque resulta evidente que para o Goberno central o primeiro erre é o de recadación.

Para Sogama o máis fácil sería recuperar estes sobrecustos no canon que aplica aos concellos. Pero conscientes de que prestamos un servicio público, temos altura de miras, compromiso e responsabilidade. Non queremos lesionar as arcas locais nin o peto dos galegos, de aí todos estes meses de traballo, esforzo e de numerosos plans de acción.

E por iso ata agora non se fixou o canon de 2024, porque estivemos traballando na procura de saídas a fin de evitar que as decisións estatais supuxesen un estrago para as arcas locais. Mentres o Goberno central fai todo o posible para recadar, sen importarlle o máis mínimo o impacto das súas decisións, Xunta e Sogama están intentando frear a ofensiva do Estado. As medidas estatais supuxeron para Sogama en 2023 un desequilibrio económico de 21,1 millóns de euros e unhas perdas oficiais de 18 millóns de euros. Coido que a cousa cambia bastante respecto do peche de 2022. Os números falan por si sos e reflicten perfectamente o resultado das medidas adoptadas desde Madrid.

Desde o ano 2015 e ata 2022 Sogama veu obtendo beneficios grazas á súa xestión e eses beneficios destináronse a mellorar o servizo. Tanto é así que a empresa pública durante este período fixo investimentos por importe de 100 millóns de euros, entre os que cabería destacar a posta en marcha da planta de recuperación de materiais contidos na bolsa negra, 32 millóns de euros, e a rede de infraestruturas para a valorización de materia orgánica, 45 millóns de euros; orientada a axudar aos concellos que son os que teñen as competencias en materias de residuos e cumprir a lexislación vixente.

Cen millóns, señorías, dos cales 30 foron con fondos europeos e 70 con fondos propios de Sogama, dos beneficios obtidos nos anos anteriores. Porque tamén a lei que se publicou en abril de 2022 obrigaba aos concellos de máis de 5.000 habitantes a instaurar a recollida diferenciada de materia orgánica. Unha lei que se publica a finais de abril e dille aos axentes locais que en dous meses, xullo de 2022, teñen que ter implantado o contedor marrón, formada á poboación, establecida a contenerización, definida a recollida e ter unha planta na que compostar a materia orgánica.

E aí tivo que estar de novo a Xunta para contrarrestar a ineptitude e improvisación do Goberno central. Con estes mimbres e o tremendo desaxuste financeiro de Sogama por causas externas e alleas á súa xestión, o canon de Sogama para 2024 quedará nunha media de 66 euros/tonelada para todos os concellos, coa aportación da Xunta a través dun FCL adicional de 12 euros.

Onte a Fegamp presentou as súas consideracións a esta proposta de canon. Repito, as súas consideracións, non alegacións, consideracións.

Estamos a estudala a miúdo, non obstante, o presidente da Federación foi coñecendo periodicamente as distintas decisións do Estado e a situación económica da sociedade, xa que asiste ás reunións do Consello de Administración de Sogama en calidade de invitado, con voz pero sen voto.

É evidente que con este escenario Sogama non pode manter a bonificación dos anos anteriores, que supuxo, xunto coa rebaixa do 5 % para todos os concellos no ano 2022, un aforro para os petos dos galegos de máis de 20 millóns de euros.

Isto quere dicir que, a diferenza do Estado, nós non temos afán recadatorio, senón que o noso modus operandi, cando as contas así o permiten, premiar e gratificar. En definitiva, incentivar.

E isto fixémolo de forma simultánea cos investimentos orientados a mellorar a nosa xestión, a prestar un servizo óptimo, a subirnos ao carro da innovación e a contribuír a unha Galicia máis sostible e circular, sen esquecer a creación e mantemento de 1.000 postos de traballo directos e indirectos.

Por certo, quero aproveitar esta comparecencia para agradecer unha vez máis a responsabilidade, a eficacia e a profesionalidade deses máis de 1.000 traballadores que traballan en Sogama.

E malia a todas as vicisitudes, seguiremos a ter o canón máis barato de Galicia, 66 euros, e tamén o canón máis barato de España, 66 euros; fronte, por exemplo, aos 214 euros que cobra a Deputación de Guipúzcoa. Falamos de canon de tratamento en todos os casos.

—Vou pechando, señorías—.

A razón de ser de Sogama non é gañar diñeiro, senón prestar un servizo público de calidade, pero para prestar un servizo público de calidade, como é evidente, ten que dispor deses recursos económicos.

De non existir Sogama, modelo integral de xestión de residuos, guiado polas catro erres: redución, reutilización e reciclaxe, complementadas coa recuperación enerxética da parte non reciclable, relegando o vertido a última opción polo seu negativo impacto sobre o medio ambiente, dígolles que os concellos quedarían obrigados a enterrar en vertedoiro o 50 % dos residuos. Isto implicaría que, en lugar de pagar 9 millóns de euros en concepto de imposto estatal, terían que pagar 18 millóns máis. Un complexo medioambiental con 37 plantas de transferencia, 4 plantas de biorresiduos, unha por provincia, un vertedoiro de apoio e o transporte.

Estes son os ingredientes dunha infraestrutura punteira, robusta, fiable, eficiente e modélica que hai que manter, coidar e preservar para que non só cumpra a súa función, senón que o faga coas máximas garantías ambientais e de seguridade.

España destina a vertedoiro unha media do 50-52 %. O vertido directo en Sogama é do 0,22 %, e o en indirecto do 20,37 %. En Nostián ascende ao 50 % e no Barbanza ao 64 %. Datos que falan por si solos.

No Bipartito enviábase o 50 % ao vertedoiro directamente. —Isto para algúns quer rin—

O tempo veu confirmar que a aposta polo modelo Sogama, froito dun intenso traballo científico e ao que están adheridos voluntariamente 295 concellos, que acollen a máis de 2,2 millóns de habitantes, foi o único que ten demostrado a súa eficacia e eficiencia, ademais de ser o máis barato.

—Remato—.

Baixo ningún concepto rebaixaremos o noso nivel de exixencia. Aí, señorías, seremos inflexibles e implacables. Seguiremos a garantir o máximo nivel de seguridade de cumprimento da lei e o mantemento preventivo dunhas instalacións modélicas.

As medidas do Goberno central publicadas no BOE non se pode maquillar con pretensións ecolóxicas, senón como todo un desafío para as empresas de xestión de residuos de toda España.

Quero e queremos o mellor para Galicia, e redobraremos esforzos para seguir dando o mellor a Galicia, mailas pedras que nos van poñendo no camiño.

Nada máis e moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Moitas grazas, señor Domínguez Lino, sobre todo por terse axustado ao tempo orientativo.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Mixto, o señor Ojea Bouzo. Dez minutos flexibles.

O señor Ojea Bouzo (M): Grazas, presidenta. Non, moi breve.

Sinxelamente vou agradecer a comparecencia voluntaria do señor presidente de Sogama e de ternos dado a súa versión do problema. Entón, vou deixar que o resto dos grupos debatan nos termos en que adoitan ser habituais en relación con ese tema.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Moitas grazas, señor Ojea.

Pasamos a continuación ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Por este grupo ten a palabra a señora Castro Rey, tamén por un tempo flexible de 10 minutos.

A señora Castro Rey (S): Grazas, presidenta.

Bo día, señor Domínguez. Vou intentar seguir unha orde, a mesma orde da súa da súa comparecencia.

Comezaba vostede falando do financiamento de Sogama. Nós, se temos en conta os datos oficiais e os datos que se publicaron no orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2024, pois aí xa tiñan previsto vostedes como ía ser esa situación. É máis, xa nos datos previstos para o orzamento do ano 2023, vostedes xa sabían que ía entrar en vigor este imposto, e aínda así fixeron unha modificación de última hora coa introdución desta bonificación do 15 % para os concellos que cumprían os seus deberes medioambientais. Polo tanto, non é unha cousa que pillara de sorpresa e si que é verdade que, tendo en conta estes datos oficiais e o balance, unha estimación para este ano, a estimación que se fai nos orzamentos, vostedes contemplan pois eses ingresos que dicía vostede na súa comparecencia da venda da enerxía derivada desas tres plantas, que se prevé que vai aumentar ademais eses ingresos nun 81,31 %. E tamén neses canons aos concellos ou a venda destes materiais tratados. Todo iso supón uns ingresos de case 176 millóns de euros. E despois, así como todos eses fondos que proveñen da Unión Europea para completar eses investimentos dos que vostede estaba a falar.

E despois tendo en conta os gastos, que os gastos, tanto os gastos de funcionamento como os gastos de servizos externalizados ou como os gastos polo pago de tributos, vostedes tiñan en conta que os beneficios de Sogama, aínda así, si que se reducen notablemente respecto doutros anos, pero aínda así segue a ter beneficios; aproximadamente o que tiñan previsto eran uns 400.000 euros. Polo tanto, estamos a falar dunha empresa semipública que está a ter uns beneficios.

Por outra banda, falaba vostede de que existía, de que este impostos se levaba a cabo por unha forma de tratamento que é a incineración, que evita o depósito en vertedoiro, que dicía vostede que demonizaba isto, pero a realidade é que a Unión Europea sanciona estas dúas formas de xestión. E vostedes a incineración é unha das formas prioritarias, seguen incinerando o 60,47 % do que entra en Sogama. E isto é que non o tratan correctamente, polo tanto, teñen que modernizar ou avanzar cara a reciclaxe para que o índice de incineración non sexa tan elevado, porque se comparaba con outros países da Unión Europea. Pero é que estes países da Unión Europea que utilizan tamén de forma subsidiaria a incineración, a incineración os datos son menores porque son os refugallos que non se tratan. E non nos opoñemos. E dentro da xerarquía de residuos entendemos

que priorizar a incineración respecto ao depósito en vertedoiro é o axeitado, pero sempre que se trate dos refugallos e que non se incinere a caño libre, ¿non? Se vemos os índices e os datos do territorio estatal vemos que despois de Melilla temos o récord en incineración en toda España. E iso é o que se pretende gravar.

E se pretende tamén dende o Goberno galego e dende, na súa comparecencia vostede insistía na demonización e na culpa de Pedro Sánchez e que pretendía atacar directamente ás empresas que xestionan residuos con este imposto. Non. Xa o dixemos onte no Pleno, xa falamos disto na outra comparecencia, trátase da transposición dunha directiva europea de obrigado cumprimento do ano 2018. Polo tanto, é que a Unión Europea levaba recomendando isto, ademais da imposición deste tipo de imposto dende o ano 2016. Polo tanto, non estamos a falar dunha ocorrencia do Goberno de España para prexudicar ás empresas xestoras de residuos e, nomeadamente, á empresa que xestiona os residuos en Galicia. Senón que se trata do cumprimento dunha directiva europea, porque dende Europa se entende que esas formas de xestión dos residuos, o da incineración e o depósito en vertedoiro, pois non son sostibles e temos que avanzar cara o residuo cero e temos que avanzar cara esas 3 erres: a reutilización, a redución e a reciclaxe. E, polo tanto, por iso pretenden gravar isto.

E que ademais nin sequera este imposto vai ser recadado polo Goberno do Estado. Porque a en virtude da Lei 36/2022, do 27 de decembro, que modifica a lei que xestiona o réxime de cesión de tributos do Estado na Comunidade Autónoma galega, establece que a recadación a vai levar a Xunta de Galicia. Polo tanto, eses nove millóns e pico de euros dos que falabamos van ir ás arcas da Xunta de Galicia. Pois polo menos a Xunta podería repercutir esta contía recadada no que debera, entón así evitaría ter que gravar aos concellos.

E, por outra parte, falaba vostede desa bonificación, que era inasumible agora. Nós reiteramos: Esa situación xa estaba prevista e aínda así se estableceu esa bonificación do 15 % nos orzamentos do ano 2023. Eses nove millóns e medio de euros van a ir á Xunta de Galicia, que é a máxima accionista de Sogama. Polo tanto, non entendemos como o único incentivo que existía neste momento para impulsar aos concellos a facer os deberes medioambientais e así poder cumprir os obxectivos da Unión Europea desa redución do lixo e da recíclase do mesmo, pois esteamos eliminando os mesmos. E, aínda por riba, non só estamos gravando aos concellos que fan os deberes, senón que estamos privando aos concellos con esa compensación para que a suba non sexa máis alta co Fondo de Cooperación Local, e estamos aínda por riba sacando un investimento para levar a cabo outras actuacións dos concellos, que é ao que ten que ir destinado este Fondo de Cooperación Local. Polo tanto, ¿que vai facer a Xunta de Galicia con eses nove millóns e medio de euros que vai recadar con este imposto ao vertedoiro e á incineración? Non sabemos. O normal é que repercutira en accións que potenciase pois iso, que os concellos cumpriran os obxectivos medioambientais. Porque ao final as consecuencias van ser peores.

PARLAMENTO DE GALICIA

Mire, se dende o ano 2010 fixeramos en Galicia, o Goberno galego fixera os deberes que tiña previsto nese Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022, que prevían uns obxectivos e que prevían unha redución do residuo, uns índices de reciclaxe, unha creación de diferentes plantas de xestión de residuos por todo o territorio e non se cumpriron nin de lonxe, agora mesmo non estariamos lamentando esta situación. Pero como non se fixeron e se deixou facer e pasaba o tempo e se deixou facer, pois é o que pasa, ¿non?

Vostede falaba desa nova planta tamén para tratar os vertidos da bolsa negra, que non foran separados en orixe, e dicía que iso era un avance porque evitabamos a incineración e o vertedoiro; recoñecía, polo tanto, que estas non eran boas formas de xestión. E, como digo, creo que non se pode, agora mesmo non se pode castigar aínda máis aos concellos. Cremos que temos que buscar unha alternativa para evitar esta suba e, sobre todo, para evitar rescindir ou suprimir, mellor dito, este incentivo, que era o único incentivo que existía en Galicia. ¿Que está a facer a Xunta de Galicia para axudar aos concellos ao cumprimento deses obxectivos medioambientais que ademais a súa non consecución vai traer unhas sancións á larga que van supoñer un custo a maiores, non? E que está facendo a Xunta de Galicia para que os concellos poidan cumprir eses obxectivos de recollida selectiva do residuo orgánico e esa implantación do contedor marrón ou de sistemas similares adaptados a cada un dos territorios dos que tamén falabamos onte, que supón un custo elevadísimo e para os concellos é inasumible. Non está a facer nada e aínda por riba de non axudalos agora mesmo os vai gravar, os vai gravar máis.

E, polo tanto, creo que teñen que vostedes... Eu a verdade é que pensei nun primeiro momento que na súa comparecencia hoxe ía pasar como na de hai dous anos. Que ía aparecer unha rectificación así de última hora, unha nova bonificación e iamos ter que dicir: Ben, pois ao final se botaron para atrás, como pasou cando pretenderon vostedes suprimir a do 10 %, que ao final se transformou nun 15 %. Pero ben, ao mellor na segunda quenda o fai e levamos unha sorpresa.

Pero senón, dígolle que non só se trata de non seguir gravando aos concellos galegos cunha maior carga, senón tamén de mudar o sistema de xestión de residuos. Todos sabemos que a produción de residuos é insostible en si mesma. Na visita a Sogama ... nos demos conta de como é o volume de residuos que xeran os concellos, que xeramos toda a cidadanía. E temos que concienciarnos, non hai espazo no noso territorios para depositar todo os residuos que producimos. E por iso creo que temos que cambiar de estratexia. Temos que ver que somos deficitarios en materias primas, iso fai necesario que teñamos que manter no tempo, pois máis tempo o uso dos residuos e que temos que intentar reutilizalos e reciclar os mesmos.

E, neste momento, estamos á cola da reciclaxe, moi lonxe de datos como o da Rioxa con 66 %; Cataluña, 57; País Vasco, 55, ou Comunidade Valenciana cun 53 %. Nós temos un 18 %. Ben, isto tiñámolo en 2022, que son os últimos datos publicados.

PARLAMENTO DE GALICIA

E, polo tanto, temos que camiñar cara a isto. E a incineración de residuos nas directrices europeas, na política de xestión de residuos, na xerarquía establecida, establece de forma... é a penúltima forma máis indesexable de tratar os mesmos. A incineración é un sistema obsoleto e ademais é perigoso e emítese substancias contaminantes. Creo que temos en Galicia medios técnicos económicos, eficientes e suficientes.

Vostede falaba dos traballadores, da profesionalidade dos traballadores de Sogama, eu a comparto; por iso noutras ocasións reprochamos tamén dende o Grupo Socialista que non entendiamos como externalizaban vostedes pois a elaboración, por exemplo, desta folla de ruta cara a unha economía verde, con case un millón de euros nesta externalización, tendo eses técnicos tan capacitados dentro das súas instalacións e tamén dentro da Xunta de Galicia.

Pero, como dicía, dispoñemos deses medios técnicos económicos eficientes e suficientes para apostar por alternativas sustentables para a xestión de residuos e a produción de enerxía. A través tamén da materia orgánica, porque tampouco está esa planta de Areosa a sacar todo o rendemento que debería, ou esas plantas que se están a construír de xestión de residuo orgánico por todo o territorio.

Cremos que as estratexias europeas de residuo cero demostran que os recursos naturais pódense xestionar doutro xeito, e temos que en Galicia cambiar a forma de xestión, como dicía, cara esa loita contra o cambio climático e para aforrar tamén a enerxía que esta forma de xestión produce.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista só dicirlle que estamos abertos a calquera tipo de pacto, de gran pacto en Galicia para avanzar cara isto, para avanzar cara unha xestión diferente e máis sostible dos nosos residuos e sabemos que non é doado porque estamos, chegamos tarde aos obxectivos e chegamos tarde aos obxectivos e chegamos tarde ao cumprimento dos mesmos. Pero, ben, nunca é tarde se a dita é boa. Polo tanto, dende o Grupo Socialista cremos que a clave está niso e pedímoslle que reconsideren esta supresión da bonificación aos concellos porque neste momento sería unha forma de afogar aos mesmos e iría en contra dese incentivo existente para que eles tamén contribúan a facer ben os deberes medioambientais e axudar a unha xestión global dos residuos en Galicia.

E máis nada, moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Moitas grazas, señora Castro.

Pasamos a continuación ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Por este grupo ten a palabra tamén, por un tempo flexible de 10 minutos, o señor Bará Torres.

O señor Bará Torres (BNG): Señora presidenta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Moi bo día.

Señor Domínguez, esta comparecencia que fixo vostede aquí lémbrame ese famoso latinorio de: Excusatio non petita, accusatio manifesta. Porque veu vostede aquí fundamentalmente a lanzar escusas e autoxustificacións. E nunha especie de delirio de Matrix, porque vostedes están instalados tanto metidos na propaganda que ao final acaban crendo a súa propia propaganda. E é que é absolutamente disparatado o que dixo vostede aquí poñéndose como un exemplo mundial de xestión de residuos. ¡Manda truco o que hai que oír!

Basicamente o resumo é que vostedes queren facerlle pagar aos concellos, polo tanto á cidadanía, o fracaso do sistema de Sogama e a mala xestión da Xunta en materia de residuos. Vostedes non practican os tres erres, vostedes practican o erre que erre, erre que erre, persistindo no erro e nunha deriva absolutamente suicida en materia de xestión de residuos; en contra de todos os criterios ambientais, en contra de todas as directivas e negando a realidade.

Xa lle dixemos moitas veces que vostedes actúan como un condutor kamikaze que vai en sentido contrario e pensa que son os demais os que colleron o carril equivocado. É unha absoluta deformación da realidade. Porque hai moito tempo que se sabe que Sogama, Sogain é un sistema obsoleto, un sistema centralizado, o cal é aberrante nun país como Galiza, coa dispersión poboacional, que recollamos o lixo... Dise que hai 30.000 núcleos de poboación e a grande parte o traslademos a una única instalación centralizada. Iso por criterios de eficiencia é absolutamente disparatado, que é lóxico, polo tanto e que é anti ecolóxico porque vai en contra de todas as tendencias internacionais e as máis avanzadas.

E os datos son contundentes, e por iso Galiza está á cola do Estado en materia de reciclaxe no cumprimento dos obxectivos que marca a Unión Europea. E os datos de 2020 están aí e non se poden negar, señor Domínguez. ¿Cal foi a porcentaxe de reciclaxe de Galiza no ano 20020 cando se debía chegar ao 50 %? O 21 %. Non imos cumprir tampouco o obxectivo do 2025, que é do 55 %. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe. Vostedes agárranse como a un cravo ardendo ao dato do depósito en vertedoiro, que está mellor que outros territorios, pero non se comparen cos malos, compárense cos bos, cos que van moito máis avanzados ca nós porque implantaron outros sistemas e están cumprindo ou no límite de cumprir o obxectivo o 50 % que no ano 2020 xa o cumpriron algunhas comunidades. Pero hai que compararse con esas, non cos malos, non con Ceuta e Melilla.

Ben, polo tanto, constatamos o fracaso dun sistema errado que é esa alianza perversa tamén que vostedes fixeron con Unión Fenosa, que lle chaman en moitos sitios, Unión Penosa, que agora se chama Naturgy, que é, como dixemos onte, quen nos están estafando coa factura da luz e forrándose á conta dos encoros que teñen en Galiza e do negocio multimillonario que fan todos os anos a conta dos nosos recursos.

PARLAMENTO DE GALICIA

En Ourense sábeno moi ben, señor Ojea, coa potencia hidroeléctrica, ese si que é mundial, que ten por exemplo a provincia Ourense, que lle daría para nadar en abundancia. Agora é obxecto tamén de outros recursos. E aí vese precisamente quen se beneficia da nosa riqueza.

Mire, vostedes venderon no seu momento a ampliación dese complexo, macrocomplexo de Sogain en Cerceda como un gran logro, porque dicían que podían... tiñan capacidade para tratar todos os residuos xerados en Galiza, máis dun millón de toneladas. É que é delirante plantexar ese razoamento. Porque o que se trata é de que canto máis lixo o mellor é que se trate en proximidade, sobre todo os biorresiduos, que son o 50 % da bolsa —o 50 % está demostrado e analizado— e que a súa filosofía é levalo a Sogama e queimalo. Ben, agora teñen outra derivada que falaremos despois.

Iso vai en contra das directivas europeas, vai en contra do plan estatal, do PEMAR, vai en conta no seu propio plan 2011-2020 prorrogado a 2022, que establecía que había que tratar polo procedemento de compostaxe 245.000 toneladas no ano 2020, despois foi ampliado a 2022. ¿Cantas se tratan? ¿Cantas trata Sogama nas súas magníficas instalacións que son unha referencia mundial? Déanos o dato, señor Domínguez. Vostedes puxeron neste informe que fixeron do ano 2022, 3.000 toneladas. Pero permítame que dubide, sobre todo tendo en conta a auditoría do ano 2022, que dá unha cifra totalmente diferente, nin sequera se poñen de acordo vostedes nas cifras que dan na auditoría e nas que dan no informe anual de Sogama. Pero é o 0,3 % de todos os residuos que van a Sogama os que se tratan supostamente para a compostaxe. É dicir, estrepitoso fracaso. Déame vostede os datos da planta de Areosa senón.

Ben, as cousas ían ben para Sogama porque é un sistema dopado, era un sistema dopado que se beneficiaba dunha serie de circunstancias. Polo tanto, vivía por riba das súas posibilidades, polo prezo elevado da electricidade tiñan uns ingresos descomunais, porque pagamos uns prezos da electricidade no ano 2021, 2022 impresionantes, e polas primas á produción de enerxía. Mais as cousas cambiaron no 2023 pola entrada en vigor do novo imposto á incineración e depósito en vertedoiro, que é unha obriga derivada da normativa europea. ¿Como hai que dicirllo? Que hai 22 países que teñen xa o imposto por depósito en vertedoiro e 9 —Noruega non está— polo imposto á incineración. É dicir, o presidente da Xunta dixo que era o Estado español o único onde se impuxera este imposto. ¿Como poden dicir esas trolas así impunemente en sede parlamentaria? Literalmente unha trola dita polo presidente da Xunta onte na súa intervención na sede parlamentaria.

Ben, pois claro, entra en vigor este imposto porque se trata de penalizar sistemas finalistas e primar outros que son os máis acaídos desde una perspectiva de xestión eficiente dos recursos e dos residuos. Esta é a última opción: incineración e vertedoiro. Estamos de acordo niso. Pois para vostedes é a primeira, para vostedes é a primeira, porque vostedes ata aquí o informe do ano 2022. O 80 % residuos que entran en Sogama, o 80 % —750.000 toneladas— van á incineración o 60 % e ao depósito en vertedoiro o 20 %. Ese

é o balance da súa magnífica xestión, deste exemplo mundial, universal que son vostedes. ¿Parécelle isto un exemplo? A nós, desde logo, non nos parece.

E, claro, no ano 2023 tamén se suprimen as primas ás renovábeis, pero é que a nós parécenos que ten toda a lóxica que o Estado deixe de pagar 4.000 millóns de euros, 4.000 millóns de euros a empresas de produción de enerxía renovable —entre elas porque fixeron un cambalache en 2014 e puxeron tamén Sogama como renovable—, que se lle pagasen primas por producir enerxía, por vender enerxía vostedes e máis Naturgy, a 122 euros o megavatio que está neses anos. É dicir, pero que é totalmente lóxico, se estaban forrando todas as empresas que estaban vendendo a enerxía a ese prezo. Polo tanto, parécenos do máis razoable.

Ben, aquí entra tamén o tema da subida do prezo do gas que lle vende á súa aliada, a que van de ganchete con vostedes Naturgy, porque teñen que secar esas miles de toneladas de fundamentalmente auga, materia orgánica, que é maiormente auga que hai que secar para despois queimar. É dicir, totalmente ineficiente.

¿Que pasa aquí? Que vostedes eran perfectamente coñecedores cando mandan a memoria e os orzamentos do ano 2024 desta situación. De feito, xa antes o sabían, porque vostedes na Lei de acompañamento dos orzamentos 2023 suprimiron a bonificación do 10 %. Puxérono na lei de acompañamento; despois rectificaron e puxeron a bonificación do 15 % co seu desgusto, señor Domínguez, porque vostede sabía cales eran as contas e sabía as consecuencias que ía ter.

Pero o señor Rueda como houbo moitísima presión e mobilización e queixas sacouse da chistera unha bonificación superior do 15 %, con eses condicionamentos, con esa imposición aberrante do quinto colector marrón, porque eu non me canso de repetir que é unha aberración. Como se poden poñer vostedes de modelo impoñendo que a bonificación ten que ir acompañada do colector marrón, cando teño aquí un informe do Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Ourense, que é absolutamente contundente e demoledor co que significa isto encher de colectores marróns di, mire, é que non me resisto. «Comprar contedores para encher a nosa paisaxe rural de contedores engadindo a cor marrón, aumentar as rutas de recollida e transportar o produto recollido ata as instalacións que se constrúan —unha en Verín, ademais da existente en Leiro—, é relativamente sinxelo, pero é económica e ambientalmente insostible». E, fin da cita. Non hai nada máis que dicir. Dinllo os seus propios compañeiros e colegas na Deputación de Ourense.

En fin, entón vostedes eran perfectamente coñecedores disto, pero a pesar de todo, seguiron para adiante. Polo tanto, así estamos e agora queren aplicar de maneira absolutamente perversa, con efecto retroactivo, con dubidosa legalidade, un incremento ¿cando o van aprobar para a metade do ano? ¿Cando o van aprobar, señor Domínguez? ¿Vano aplicar con un centro retroactivo? Porque iso téñeno que aplicar, aprobar vostedes no Consello de Administración de Sogama, despois teno que considerar Facenda, é unha modificación legal. Non se pode aplicar isto porque os concellos ademais xa fixeron as

súas propias previsións de custos e de cobros e de ingresos e de gastos ata o ano que vén. Non ten sentido aplicalo este ano.

En fin, que está claro que nós temos un modelo alternativo, que o temos posto por escrito en numerosas ocasións, que o temos posto na práctica: Allariz RER, a experiencia da Deputación de Pontevedra, hai que primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos con sistemas de compostaxe domiciliaria, comunitaria prioritariamente en todas, non colectores marróns, esa é a última opción tamén como a incineración. E, cando sexa necesario, plantas comarcais ou do ámbito que se considere para tratar aqueles residuos que non se poden xestionar mediante compostaxe de proximidade. Aí entra tamén como lle dixemos a agro compostaxe e hai experiencias interesantes sobre iso. Pero é un campo que está aberto que está... Ben, o Concello de Cerdedo-Cotobade acaba de contratar un estudo para ver cal é o mellor sistema. E falo do pago por xeración. É un campo que está en permanente cambio.

Polo tato, resumo e remato, señora presidenta, que me está mirando con mirada inquisidora; porque non me dá tempo e ademais vostedes non deixaron opción a unha segunda quenda a falar do que vén agora co seu proxecto tractor, que é ao mellor un proxecto chimpín, do seu macro.... Queren replicar Sogama coa Sogama dos xurros. Xa o anunciaron no seu día, é un proxecto industrial estratéxico Sogama-Reganosa, para tratar os biorresiduos, non en plantas de compostaxe, que ese non é o seu modelo, senón nunha mega planta para xestionar os puríns, os residuos municipais. É dicir, que lle van facer pagar aos concellos 50 euros por levar os biorresiduos a una planta para despois levalos a Sogama e facer ese megaproxecto tractor. Si que o puxeron vostedes... Invítolle a que o lea vostede, vostede, o Partido Popular, a Xunta de Galiza, na Lei de beneficio dos recursos naturais de Galiza está escrito, está aí escrito como é o sistema. A súa opción é a biometanización dos biorresiduos municipais, non o tratamento de compostaxe. Téñeno aí escrito con letra oficial. É que non hai discusión ao respecto, está na Lei de beneficios.

Polo tanto, finalizo. Teñen aí unha proposta da Fegamp. Creo que teñen que suspender a aplicación desta proposta, sentarse a falar, ten que haber un grande debate de país sobre que facer cos residuos municipais e cos bioresiduos especialmente. Creo que é posible a chegar un grande acordo de país nesta materia, que non pasa por dicir que é mellor Sogama, Serra do Barbanza ou Nostián ou o sistema que sexa, senón que haberá que aproveitar o mellor de cada un e ir a un novo modelo. Temos a hipoteca de que xa hai un contrato que vostedes teñen para xestionar Sogama ata o ano 2032, con ese complexo empresarial de cabeceira que teñen aí contratado. Polo tanto, iso átanos durante moito tempo e non vai desaparecer do mapa Sogama. Pero hai que ir a un debate serio e profundo sobre esta materia. Entre tanto, suspender esta aplicación destes sablazo que lle queren aplicar aos concellos, entrar nunha negociación coa Fegamp en serio e mirar como está facendo Cerdedo-Cotobade coas obrigas que nos manda Europa, cales son as mellores alternativas e as mellores opcións.

Pero vostedes van polo sistema de ordeno e mando da imposición e da unilateralidade. E claro, aprobar agora...

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Prégolle que remate.

O señor Bará Torres (BNG): ...sen contar coas alegacións, porque a nosa...

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo):: A miña mirada non tivo moito éxito.

O señor Bará Torres (BNG): ...non a responderon do plan de residuos municipais de Galicia 2023-2030.

—Remato, presidenta. Grazas pola súa xenerosidade porque estou chegando a 15 minutos—.

Séntense a falar, negocien, acorden e non impoñan, señor Domínguez.

Grazas.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Moitas grazas, señor Bará.

Pasamos ao Grupo dos Populares de Galicia. Por este grupo ten a palabra o señor Trenor López.

O señor Trenor López (P): Si, moi bos días. A min encántame o discurso do señor Bará. É un discurso fresco, é un discurso que quizais os que non o coñecemos pois pensamos que é propio dun deputado, dese adanismo dos deputados que entran aquí na Cámara por primeira vez. Pero o señor Bará xa é veterano e xa levamos falando disto moitísimas veces. E hai unha cuestión que sempre non sei, hai un principio da realidade que ten que respaldar os nosos discursos.

Pero o primeiro, o que me sorprende é que vostede estea tan feliz, tan feliz con outro novo castigo do señor Sánchez a Galicia e que encima lle pareza ben. Ou sexa, que todos os galegos teñamos unha penalización tan grande por iso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Por favor, ten a palabra o señor Trenor, por favor.

O señor Trenor López (P): Ben, había un costume tamén que era escoitar aos deputados cando falaban, pero, ben, iso tamén se cambiou.

Eu, señor Bará, isto xa o falamos moitas veces, Sogama é un modelo completamente voluntario, voluntario. Aquí ninguén está obrigado a estar en Sogama. E se despois desde 1992 ata o de agora, resulta que ano tras ano se foron adherindo municipios, concellos a

este sistema e agora mesmo hai 295, podía ser que o Partido Popular, oe, colleramos todos os municipios do Partido Popular e dixeramos todos para dentro. Pero, claro, é que non nos sae a asuma. É que o Partido Popular goberna en 150. E, claro, é que hai moitos municipios, moitos municipios onde gobernan outros partidos políticos que voluntariamente ano tras ano deciden estar en Sogama. Pero é que algún deles que levan décadas nos seus municipios. E que o señor Bará, claro, o señor Bará aquí vén, fala e di moitas cousas. O señor Bará ten un sistema que só aplica en Pontevedra, só aplica en Pontevedra. Oia, toda a Deputación de Pontevedra no seu momento pode aplicalo. A Deputación da Coruña podía estar aplicando o modelo do señor Bará, e non o fai. ¿Por que non o fai? Por que a Deputación da Coruña, a Deputación de Lugo, a Deputación de Ourense non fan esa xenialidade que vostede plantexa?

A min recórdanme, teño un cuñado, que sempre ten todas as solucións máxicas cando vén ás cenas, sempre, sempre arregla todo, todo o arregla, ademais dunha forma fantástica. Empeza pimpampum, logo nunca sae nada diso, non funciona en ningún sitio, non funciona ningún país, non funciona en ningunha provincia, pero el ten a súa... No seu esquema mental funciona. É dicir, é feliz porque lle funciona. Ao señor Bará pásalle iso, leva vinte anos dicindo o mesmo e, ¡oia!, non funciona. Ou sexa, ¿por que na Diputación de Lugo que goberna o Partido Socialista co Bloque Nacionalista non o fixo hai xa décadas? ¿Por que o Concello de Lugo non o fixo? ¿Por que vostede segue mandando o 84 % —o Concello de Pontevedra refírome— o 84 % dos residuos a Sogama? ¿Por que, señor Bará? ¿Por que? Por que se é tan terrible este modelo e leva vostede dúas décadas denunciándoo, ¿por que o segue facendo? Vostede sabe resposta e aos que lles fai tanta gracia tamén o saben. Tamén o saben. Ou senón explíqueme. A min faime moita gracia.... Mándeme un correo electrónico explicándome por que. Xa verá como nos rimos todos moito. Claro, é que é simpatiquísimo iso. Claro, eu teño aquí os datos, eu teño aquí os datos: Sogama é voluntario e 295 concellos que representan a 2,2 millóns de galegos están aí. ¿Por que? Porque medioambientalmente é mellor. E vostede sabe que medioambientalmente é mellor, moito mellor.

Claro, vostede dicía do vertedoiro, que nos fixamos no vertedoiro. O vertedoiro é o peor sistema, o peor con moitísima diferenza. Emite un 65 % máis de gases de efecto invernadeiro que calquera outro sistema; 65 %, señor Bará, 65 %. Oia, quero dicir, acertar ou non nesa parte do vertedoiro creo que tamén é moi importante. Claro, Barbanza: 64 %, Nostián 50 %. 50 % a vertedoiro. Dá igual o que fagan co resto, dá igual o que fagan co resto. A emisión de gases de efecto invernadoiro só por ese 50 % que vai ao vertedoiro xa elimina o resto de esforzo que podes facer en calquera outra cousa. ¿Entenden iso non? Porque entendo... A ver, ou sexa, hai cuestións de porcentaxe, de matemáticas, de cálculo que eu creo que tamén calquera chega a iso. E xa falamos moitas veces diso. Recicla máis, recicla máis, porque resulta que en Pontevedra están vostedes reciclando un 17 %, un 17 %. E o 84 %, o 83,... redondeando e tal, o están enviando a Sogama. O están enviando a Sogama, porque o seu sistema só pode funcionar se existe un Sogama detrás. Se hai alguén que con todo e despois de darlle a volta de mover a basura como fan, de paseala dun lado para outro, de darlle co pau, non sei qué, só a través dunha dun sistema como Sogama se poda arranxar o que vostede fai.

E moi ben, é moi entretido, moi entretido. Vostedes pásano moi ben con iso. Cústalle aos pontevedreses 14 millóns de euros se non me equivoco. E cada ano máis e máis. Porque cada ano vai crecendo e encima ten esa gran virtude o modelo do señor Bará, que é que non é agora por culpa do señor Sánchez, é que ano tras ano medra.

Pero, se o seu modelo é tan bo, sigo sen entender por que non o fan o resto dos concellos, non o entendo. Non entendo por que en Vigo, que levan gobernando non sei canto non o fan, non o entendo. Aquí hai moitos concelleiros, aquí había antes un alcalde, hai unha alcaldesa... Non sei por que non se fixo. É dicir, sigo dándolle voltas a iso. Claro, pero tamén porque é máis económico. Claro, Sogama, 66 euros a tonelada; Nostián 119 euros a tonelada; Barbanza 150 euros a tonelada. Claro, é que... E ademais a vostedes véxoos cunha preocupación moi selectiva, moi selectiva. ¿Que é? ¿Que os veciños da Coruña e da súa área non merecemos a preocupación dos deputados desta Cámara? Oia, somos 400.000 cidadáns que estamos a pagar 119 euros por tonelada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, agora no me diga que non ten vostede competencia na comarca da Coruña. ¿Iso que é? ¿Non lle deixan? Claro, pode, pode. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): A ver, non abran o debate, por favor.

O señor Trenor López (P): Falamos de modelos de residuos e eu entendo iso. Supoño que os do Barbanza tamén lles dá igual o que paguen os do Barbanza. Supoño que lle dá igual. Cando vostede fala de cercanía e de todo iso, ¿sabe a onde están enviando os residuos, a que vertedoiro están enviando o do Barbanza? ¿Sabe a onde? A Sobrado, 120 quilómetros de distancia.

Claro, vén vostede aquí falando da proximidade e vén vostede falando aquí da proximidade. Dígame vostede un municipio onde o Bloque Nacionalista Galego estea de acordo en facer unha planta de compostaxe ou unha planta de biorresiduos. Dígame, dígao aquí en alto. Eu estou de acordo en que os municipios onde goberna o Bloque Nacionalista Galego fagan isto. Porque non é verdade, porque cada vez que se fai unha proposta para facer unha planta de tratamento en cercanía aí temos ao Bloque coa pancarta en contra. Dá igual que sexan de materiais de construción, materiais de construción contaminación 0. Aí está o Bloque detrás troco, troco, troco. Dá igual que sexa na planta de biorresiduos. Aí está o Bloque troco, troco, os do non, os do non, porque non saben dicir outra cousa.

Cando se fai unha cousa, se propón unha cousa, vostedes están co non. Agora si, veñen vostedes coas súas ideas de cuñadísimo. Quero dicir, Alcoa, alucinante. E o peor é que levamos dúas décadas con isto, dúas décadas falando disto. E aínda así o señor Bará non me di por que non se saíron de Sogama. Non é capaz de dicirme por que non saen de Sogama e por que as súas deputacións e os seus concellos marabillosos, chachi guais destes que teñen vostedes non crean outro modelo alternativo. Non o entendo, non o entendo. Mire que dano nos faría á Xunta de Galicia se o fixera. Fíxese, si que nos faría

un dano, porque si que teriamos un roto financeiro seguramente. Pero haberá algo que lles di que non é, quen non ten tanta razón.

En canto ao Partido Socialista, eu do Partido Socialista, señora Castro, e xa non sei por onde empezar, dígollo en serio, dígollo en serio. O modus operandi do seu Goberno sempre é xerar un problema e logo ao final prexudicar aos cidadáns, prexudicar ás comunidades autónomas e prexudicar aos municipios. Levan vostedes gobernando case seis anos en España. Os datos de reciclaxe e de emisións de gases provinte dos vertedoiros son terribles, terribles. Non fixeron vostedes nada bo en relación a reciclaxe e en relación ao tratamento de residuos a nivel de España. Entón, claro, de repente agora pretenden arranxalo facendo isto.

Pero non só pasa con isto, pasa tamén coa política de vivenda, meteron a man na política de vivenda destruído o mercado inmobiliario; meteron a man na política de inmigración e xa vemos o que está pasando. Na loita contra o cambio climático, non lle daban os números coa emisión de gases de efecto invernadoiro, ¿cal é a solución? Cerrar as plantas térmicas. Claro, vía decreto cerramos as plantas térmicas, xa non se emiten gases, así está. Non hai máis renovables, non hai máis nada. Como arregran vostedes, trasladándolle o problema e a incapacidade e unha xestión completamente nefasta ao final ao resto das administracións e aos cidadáns. Aos cidadáns vía impositiva, porque é o que se lle dá fantástico, fantástico, ao seu Goberno.

Fixeron unha medida ademais... Vólvolle dicir o mesmo, vostedes fan medidas, toman decisións que ao final prexudican a todos ou que debían estar aplicadas nalgúns sitios, pero que nos prexudican a todos por igual. En Galicia non enviamos o 50 % dos nosos residuos ao vertedoiro, non o facemos, non o facemos. E, sen embargo, penalízannos coma se o estivésemos a facer. Nós fixemos investimentos millonarias para mellorar a separación, para facer unha selección mellor dos residuos, para que cada vez vaia menos tamén á valorización enerxética, e nos están a penalizar como se fósemos, como se non tiveramos nin a parte de redución, nin a parte reciclaxe, nin a parte de valorización.

Entón, claro, ao final para poder arranxar os seus números os galegos temos que volver pagar. E vostedes outra vez volven estar de acordo co Goberno central, en contra de Galicia.

Eu, señorías, creo que 39 millóns para todos os galegos... ben, para os 2,2 millóns de galegos que están no sistema de Sogama, creo que é unha penalización moi grande.

En canto ao Fondo de Cooperación Local, recórdolle que o que estamos a falar deses 9,5 millóns, foi un esforzo adicional, adicional, que fixo a Xunta de Galicia. Non é que do Fondo de Cooperación Local que fixara, que de aí se retraían 9,5 millóns. Fíxose, fíxose un esforzo moi grande para iso. Polo tanto, non volva repetir que o que estamos a facer é restarlle fondos aos concellos para isto. Os fondos os está restando o señor Sánchez, o señor Sánchez. O señor Sánchez é o que nos está penalizando, 39 millóns de euros. Co

cal, señoría, teña un pouco de valor e o mesmo que pide aquí, pois pídallo ao seu presidente de partido.

Señores, nós intentaremos seguir facendo que Sogama sexa un sistema eficiente, que sexa un sistema ao que voluntariamente se sigan adherindo os municipios, os que non están adheridos serían moi ben recibidos no sistema de Sogama; van acabar estando no sistema de Sogama, porque é un fracaso absoluto, un fracaso absoluto, mostra diso é o que está a pasar na Coruña. 400.000 galegos teñen unha... levan en crise coas basuras dúas décadas. Nunca chegou a funcionar ese sistema. Vostedes era o seu sistema de referencia. Ou sexa, pinchou, foi mal desde un primeiro momento, os vasos colmatáronse moitísimo, xa o primeiro ano. E temos un problema medioambiental grandísimo porque seguen emitindo gases, emitindo lixiviados...

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Ten que ir rematando, señor Trenor.

O señor Trenor López (P): Non fixeron o peche dos vasos como tiñan que facelos e a vostedes dálles absolutamente igual, absolutamente igual.

Eu, señorías, creo que hai un modelo que funciona e creo que sería una pena que por cuestións completamente partidistas, que non ideolóxicas, partidistas que non ideolóxicas, porque a veces nesta Cámara confundimos a ideoloxía co partidismo; a ideoloxía pode ter unha boa base e está ben ter valores e guiarnos por uns ideais e tal, pero ser partidista ás veces non é bo. É dicir, e poñer aos partidos por diante os intereses dos galegos, francamente non o é, non o é.

Non sei por que se rin os da UPG. (*Risos.*) Quizais porque dálles, traiciónalles o subconsciente. Ben, síntoo.

Máis nada e moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Moitas grazas, señor Trenor.

Para aclarar...

¿Para que quere a palabra, señor Bará?

O señor Bará Torres (BNG): Quéroa ao abeiro do artigo 76.1, tamén 76.3 e mesmo poderiamos acudir ao 78, tanto por inexactitudes, como para afirmacións que afectan ao decoro deste grupo e por alusións moi persoais e referencias persoais do señor Trenor, que dedicou a metade da súa intervención a iso. E prefiro facelo agora e non despois da intervención do señor Domínguez. Quero pedir a palabra.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Se quere aclarar, inexactitudes, señor Bará, pode facelo.

No ton do debate, tanto o seu grupo, como o Grupo Popular, como calquera outro grupo parlamentario, non houbo ningún tipo de alusión ofensiva, nin insulto.

Polo tanto, se quere aclarar algunha inexactitude, pode facelo.

O señor Bará Torres (BNG): Vale, grazas presidenta.

Ben, unha inexactitude do señor Trenor, porque interpelábame a respecto do exemplo de Pontevedra, que lle parece moi interesante... paréceme que a comparecencia era sobre...

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): É unha inexactitude, señor Bará. Sexa concreto.

O señor Bará Torres (BNG): Non, para explicarlle unha cousa.

O motivo polo que non hai plantas de compostaxe en Pontevedra e noutros sitios onde gobernan concellos de moi distinto signo, é porque a Xunta de Galicia incumpriu a previsión do Plan de residuos municipais 2011-2022, que prevía construír 12 plantas de compostaxe comarcais e outras plantas máis pequenas. Por iso non hai as plantas de compostaxe, porque se incumpriu a previsión da Xunta de Galiza, que ten as competencias de ordenación e xestión de todos os residuos en Galiza e de colaborar cos concellos nesa solución. E por iso non hai esas plantas. Non queda outra alternativa mentres non haxa ese sistema de plantas, o Concello de Pontevedra quere facer unha e vaino incluír no seu próximo a licitación do contrato, vai facer unha planta. Pero o normal é que estivesen feitas esas 12 plantas que estaban previstas nun plan que rematou no ano 2022 e que a Xunta foi incapaz de desenvolver.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Queda claro, non abramos o debate porque queda clara a aclaración —valga a redundancia—. E deixamos xa a palabra ao señor presidente de Sogama para aclarar dúbidas e pechar esta comparecencia por un tempo flexible de 15 minutos.

O presidente de Sogama (Javier Domínguez Lino): Moi ben, moitas grazas.

Empezando polo grupo Mixto, señor Ojea, moitas grazas polas súas consideracións.

Señora Castro, señor Bará, voy a empezar con los dos, porque, claro, a mí la demagogia me chirría.

Jerarquía de residuos, prevención, preparación para la reutilización, reciclado. Estas tres son competencia en origen de los concellos, tiene que prevenir, tienen que reutilizar y reciclar. Y luego ya van a plantas de tratamiento. Si no hacemos valorización material, valorización energética y, en último lugar, el vertedero. ¿Qué sistema dan ustedes?

PARLAMENTO DE GALICIA

De las 780.000 toneladas que nos llegan a Sogama de fracción resto, ya recicladas, reutilizadas, reducidas en sus concellos, ¿qué hacemos con ellas si no valorizados material y energéticamente? Dígame que sistema ... Como decía al señor Trenor, llevan 20 años y llevan 20 años, y gracias, y por otros 20 años utilizando Sogama. Y cada vez son más concellos: 295 concellos adheridos voluntariamente.

Pero —repito— después de hacerla prevención, la preparación, el reciclado, que es la jerarquía primera de residuos, que todos estamos de acuerdo; y están mandando, Pontevedra —que los tres somos de Pontevedra— 27.000 toneladas, que es el 83 % que dice el señor Trenor. 27.000 toneladas, después de haber compostando 1.000 toneladas, o haber reciclado 1.000 toneladas de envases, o 1.000 toneladas de papel y cartón, o 1.000 toneladas de vidrio. ¿Qué hacemos con las 27.000 toneladas, señor Bará? ¿Las enterramos? Porque las 27.000 que vienen a Sogama non son compostables. Y, si son compostables, mándelas a la planta de compostage de Vilanova de Arousa, que ya está operativa y no la mande a Leiro, que está a 100 kilómetros. Tiene una a 20 quilómetros, fíjese, y los está mandando a Leiro, a 100 kilómetros. Señor Bará, demagogia no.

Señora Castro, empezamos. Me habla de presupuestos. Claro, presupuestos son presupostos, presuponemos. En marzo de 2022 sufrimos un precio de la energía a más de 700 euros. ¿Se acuerda? Más de 700 euros el megavatio. En marzo de 2024 precios negativos, teníamos que pagar por la energía. Precios cero y negativos. Hubo 500 horas de enero a mayo a precios negativos la energía. ¿Cómo vamos así a presupuestar? Lo intentamos hacer lo mejor por posible.

En Sogama somos capaces de hacer muchas cosas, pero desde luego no tenemos capacidad de ser adivinos. Y no somos capaces de ser adivinos de que a mitad del partido en el 2023 el 8 de julio, nos eliminen una retribución que teníamos derecho hasta el 2026. Y que vamos a seguir luchando por ella. Porque con estes precios, estos negativos y futuros nos van a tener cuando acabe la vida útil que retrotraer y darnos eses importes. Porque es insostenible.

Hablando del canon. Año 2014, canon en Sogama, 74,64 euros. IPC 2014-2023, incremento de un 21 %. El IPC del 2014 al 2023 se incrementó un 21 %. Fíjese usted y el canon se redujo un 11,6 %. O sea, se incrementa el IPC un 21 % y el canon de Sogama en ese tiempo baja un 11,6 %, desde 74,64 a 66.

Hombre, a mí me gustaría que esos contratos de recogida de basura que están sacando todos los concellos, sobre todo Pontevedra, Lugo, que se han incrementado por el IPC y por otros gastos, se incrementan un 30 %, un 40 %, pues aquí está a Sogama: Sube un 21 % el IPC y baja un 11,66 %.

Hombre, señor Bará, después de estar nueve años aquí visitando, y que yo cada vez que quiera vuelvo, ha cambiado el discurso sólo una cosa: Siempre nos ponía de ejemplo el sistema de Barbanza y hoy no me habla de Barbanza, me habla de Cercedo-Cotobade. Hombre, bienvenido, Cercedo-Cotobade viene a Sogama.

Señor Bará, incremento del coste de basura a los ayuntamientos del Barbanza, un 98 % en el 2024, 98 %.

La voz de Galicia. Yo creo que Muros es un alcalde, alcaldesa del BNG, ¿sabe cuánto pagaba en el 2023 por el tratamiento y recogida de residuos? 540.000 euros. ¿Sabe cuánto va a pagar en el 2024? 1.009.017 euros, un 87 %. Ríase, ríase, ríase. Ríase, sí, sí, sí. Yo defiendo 66 euros, fíjese, pero para que sean 66 frente a 300… (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Non abran debate, por favor. Non abran debate. Non abran debate.

Señor Bará, ten a palabra o señor Domínguez Lino.

Por favor, respecten a súa… (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, xa o veremos.

Ten a palabra o señor presidente de Sogama.

O presidente de Sogama (Javier Domínguez Lino): Le costaba 500…. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Señor Bará, por favor. Señor Bará, voulle chamar á orde. Señor Bará, deixe que fale o señor presidente de Sogama, por favor.

O presidente de Sogama (Javier Domínguez Lino): Pero, señor Bará, 66 euros fronte a 330. (*O señor Bará pronuncia palabras que non se perciben.)*

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Señor Bará, non ten o uso da palabra, por favor.

O presidente de Sogama (Javier Domínguez Lino): Cuando no le conviene no escucha.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Respecte o uso da palabra.

O presidente de Sogama (Javier Domínguez Lino): Señor Bará, cuando… Muros, aquí ten. É que claro 540.000 euros; 2024, 1.009.000 recogida, tratamiento y transporte, le estoy diciendo. Recogida, tratamiento y transporte. Y sabe en cuanto le sale 336 euros: recogida, transporte y tratamiento. Pregúnteselo… Divida 1.009.000… Divida, divida los euros por los habitantes con los residuos que envían. Es que es fácil, pregunte, llame a la alcaldesa de Muros. Le han duplicado, no duplicado… un 87 % le han crecido. En fin, eso es lo que hay.

Vamos a seguir.

Señora Castro, la ley grava, 40 euros el envío al vertedero, 30 euros si es un rechazo. La valorización energética grava 15 euros, 10 euros si viene de rechazo. Somos obsoletos, pero hay 500 plantas de valorización energética en Europa que valorizan, reciclan y envían al vertedero un 3 %. E ese es nuestro modelo, es el modelo por el que desde hace más de 30 años la Xunta apostó. Y es por el que están apostando los países más avanzados del norte.

¿Obsoleto? Instalaciones nuevas. ¿Obsoleto? El vertedero el 95 % sellado y revegetado. ¿Qué me viene usted a decir? Obsoleto. ¿Obsoleto es invertir 100 millones y no repartir dividendos a ese socio malvado que cuando gobernaba el BNG con el PSOE fue la única vez que en Sogama se repartió dividendos a Naturgy por el BNG y el PSOE. Ríase ahora, señor Bará. Nueve millones, ¿Qué me viene a decir usted ahora de ese socio? Han repartido ustedes en el bipartito, la única vez de estos 30 años, 9 millones. Y nosotros con eses beneficios hemos invertido 100 millones y hemos bonificado 20 millones a los concellos. Frente a usted, que se ríe tanto, se ríe tanto e reparte dividendos, la única vez en dos años que gobernó el bipartito y fue la única vez que repartieron dividendos a eses socio tan malvado. La historia hay que repetirla y decirla, señor Bará.

Directiva europea trasladado… Hombre, ya lo ha dicho el señor Bará. Hai 22 países que tienen el impuesto al vertedero. En Europa somos 27, pues hay cinco que no tienen. No, señor Bará, ríase. Y dice, hay 9 que sólo tienen el impuesto a valorización. Pues quedan otros 18, señor Bará, ríase. Hay moratorias… ¿Por qué estos países no tienen el impuesto? Será porque el Gobierno ha decidido hacer una moratoria o lo que sea. Lo mismo que pudo hacer el Gobierno de España, señor Bará, lo mismo que pudo hacer el Gobierno de España.

O, si no, como hizo Cataluña en su momento. Fue escalonando —que fue una de las negociaciones que nosotros hicimos— el impuesto. El primer año hicieron 5 euros, el segundo año subieron a 10, 15 y así sucesivamente.

—Voy acabando—.

Señor Bará, me preguntaba los datos de la materia orgánica. Pues Pontevedra 2023, 1.000 toneladas. Me preguntaba por Areosa: A junio de 2024, 719. En Verín, pero, claro… (*O señor Bará pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero y si Pontevedra solo manda 1.000, ¿qué vamos a hacer? De 32.000 toneladas ustedes solo mandan 1.000, de esas 27.000… (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Si. No, ustedes van a Leiro, a 100 quilómetros, claro, a 100 quilómetros. Luego me habla de plantas de proximidad.

Mire, señor Bará, plantas de proximidad era una planta de transferencia, planta de transferencia que solo es trasvase de residuos, en Arbo. En Arbo, polígono industrial, a 500 metros de la primera vivienda unifamiliar. Montaron una plataforma BNG y Podemos en contra de la planta de transferencia de Arbo, de trasvase. Y ahora me viene a mí a decir

que quiere plantas de proximidad. Señor Bará, cachondeos los justos. Una planta de transferencia en un polígono industrial, plataforma BNG-Podemos en Arbo en contra. Pero, mire, está funcionando, está operativa y no hay ningún problema. Igual que las 37 plantas de transferencia restantes.

Pero quisimos transformar la de la Cañiza en una microplanta que solo recepcionaba el contenedor verde para que pudiese recepcionar el contenedor amarillo y el contenedor marrón. Y ustedes montaron una plataforma antes de las elecciones en contra de la planta de transferencia en un polígono industrial y a 500 metros de las viviendas. Y esa es su política de proximidad, señor Bará. Y luego mandan la política de proximidad, teniendo una planta en Vilanova de Arousa de compostaje a 20 quilómetros, la manda a Leiro a 100 quilómetros.

—Voy acabando—.

Hace tiempo, señor Bará, que no le veo visitando los sistemas de Sogama que está invitado y que no ha querido ver, pero yo le invito a que vaya a Barbanza y a Nostián últimamente, que no le ve. Hombre y le recomiendo que valla por allí y hable con sus trabajadores. Y que vea como están las infraestructuras. Y luego me dirán si están así. O si su vertedero que está colapsado está así. Entonces hablaremos de quienes son los obsoletos. ¿Vale? Entonces vaya.

Miren, señor Bará, señora Castro, yo después de 20 años de críticas a Sogama, le agradezco, como decía el señor Trenor, que la mayoría de los concellos del BNG y del PSOE continúen en Sogama. Por tanto, tan mal no lo tenemos que hacer. Han estado gobernando la Xunta, están gobernando diputaciones, pueden cambiar esos sistemas maravillosos que tienen después de la reutilización, reciclaje y reducción. Y a ver a donde los mandan. Igual quieren volver a los 300 vertederos municipales que había quemados a cielo abierto, señor Bará. Porque si de 32.000 toneladas, 1.000 toneladas son compostables, 1.000 tal, las 27.000, ¿dígame qué hace? ¿Dígame qué hace si no la valorizamos material o energéticamente? De todas formas… Remato, remato y, señor Bará, con un agradecimiento. Y un agradecimiento sincero a pesar de sus críticas a Pontevedra.

Para mi es un orgullo que Pontevedra lleve 20 años siendo nuestro quinto mejor cliente de Sogama. Y no tenga duda que seguirá siendo durante otros 20 años nuestro mejor quinto cliente.

Nada máis e moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Si, señor Bará, ¿para que quere vostede a palabra?

O señor Bará Torres (BNG): Por unha inexactitude duns datos que deu o presidente de Sogama.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Pero vaia á inexactitude de novo, por favor.

O señor Bará Torres (BNG): Eu creo que isto é, independentemente do rifirrafe...

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): En todo caso, ten vostede unha lexislatura para facer preguntas.

O señor Bará Torres (BNG): Non, non. Si, pediremos máis comparecencias. Pero eu creo que é importante aclarar isto porque non se pode facer a comparación dos datos dunha parte dos custos no caso de Sogama e de todos os custos noutros sistemas. Entón voulle dar un dato tamén para que teña vostede, para que poida tamén utilizar nos seus dossieres e nas súas comparecencias que é... Isto é información da Deputación de Ourense, do sistema que ten a Deputación de Ourense, que lle presta aos concellos. O custo total do sistema coa comparativa que fai vostede de todo o sistema —recollida, tratamento e despois tamén os custos de Sogama—, son 189,78 euros por tonelada; polo tanto, non son os custos comparables 66. No caso dos concellos de Ourense son case 190 euros. Polo tanto, para que poida ter o dato correcto e facer a comparación de maneira máis acaída.

O presidente de Sogama (Javier Domínguez Lino): Yo, señor Bará, yo no sé lo que recicla Ourense, pero tiene una forma muy fácil de reducir la factura de la basura: cumpliendo la jerarquía de residuos. Que reduzcan más, que reutilicen más y que reciclen más. Es lo que le estoy recomendando en Pontevedra. Pontevedra 17 %, recicla el 17 %. Usted que es tan valedor del reciclaje, de Recíclame, 17 %.

¿Qué haría con 27.000 toneladas que querían eliminar el contenedor verde? Revitaliza al principio sí y sus propios concellos y los concellos de Pontevedra. Mire, señora Castro, ¿verdad? Querían eliminar el contenedor verde y ¿que íbamos a hacer? Volver aos vertedoiros, a eses 300 vertedoiros.

Ese es un sistema, señor Bará, ese es un sistema.

Nada máis e moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Pomar Tojo): Ben, imos pechar o debate porque isto parece xa o libro de Michael Ende. Así que pechamos este debate. Temos tres anos por diante e medio para seguir con debates relativos a Sogama e a todo o que ten que ver cos residuos.

Dámoslle as grazas ao señor presidente de Sogama por ter estado nesta comisión para informar sobre a situación actual de Sogama e esperamos seguro, velo por aquí de novo, está bastante claro.

E nada, como sempre, agradecemos a súa presenza nesta comisión.

Remata a comparecencia ás 12.00 horas.